

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0284	Elaboración de prototipos	2023/2024	8	157	157

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA MIRA MIÑONES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de deseño e desenvolvemento de artigos téxtiles ou de pel.

A función do deseño e desenvolvemento abrangue aspectos como:

Análise de deseños de pezas de vestir e os seus compoñentes.

Corte e confección de prototipos de pezas de vestir. Control e verificación da calidade do proceso de confección utilizado na ensamblaxe do prototipo.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no deseño e no desenvolvemento de produto.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

c) Analizar o proceso de creación de patróns industriais, aplicando as técnicas manuais e as ferramentas informáticas necesarias para definir e elaborar patróns e organizar os traballos.

d) Adquirir as destrezas básicas que permiten desenvolver técnicas específicas no sector da confección industrial, para aplicar na elaboración de prototipos e patróns.

i) Aplicar técnicas de xestión da produción usando ferramentas e programas informáticos específicos para xestionar a produción de téxtil, pel, calzado e marro-quinaria.

j) Analizar os sistemas de prevención de riscos laborais e protección ambiental, identificando as accións necesarias para asegurar os modelos de xestión, e sistemas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

k) Xestionar a documentación xerada nos procesos produtivos de confección industrial.

l) do ciclo formativo, e as competencias c), d), i), j) e k).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

Realización ou transformación dos patróns base do deseño ou da peza que se analice.

Preparación do material para confeccionar e realización do proceso de ensamblaxe do deseño ou da peza en estudo.

Realización do control de calidade e de tempos establecidos, corrección dos defectos observados e anotación destes na ficha técnica do produto analizado.

- Esta figura profesional exerce a súa actividade no sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaria, en pequenas, medianas e grandes empresas, xa sexa por conta allea ou por conta propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.

- As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Deseñador/ora técnico/a de patronaxe con CAD/CAM.

Deseñador/ora técnico/a de confección con CAD/CAM.

Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i).

Técnico/a en desenvolvemento do produto.

Encargado/a de oficina técnica.

Modelista-patronista de peletaría.

Modelista-patronista de pezas de vestir.

Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras.

Patronista-escalador de pezas de vestir.

Técnico/a en confección industrial.

Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro.

Técnico/a en control de calidade de confección.

Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro.

Técnico/a de organización.

Xefe/a de fabricación.

Xefe/a de calidade.

Xefe/a de sección.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Análisis do deseño	Interpretar o debuxo ou prenda en plano e realizar o patrón do mesmo	52	25
2	Elaboración do prototipo	Realización de todo o proceso produtivo (marcada, corte, confección, acabados)	70	25
3	Avaliación do prototipo	Adquiriranse criterios e procedementos para avaliar o prototipo	15	25
4	A proba	Identificación de defectos e determinación das medidas corretoras a través da proba	20	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Análisis do deseño	52

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Define as fases para a obtención de prototipos e determina as operacións e os sistemas de confección.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizouse o deseño técnico da peza ou do artigo.
CA1.2 Identificáronse os materiais para a elaboración dos prototipos.
CA1.3 Realizouse a listaxe de fases das operacións para a elaboración dos prototipos utilizando fichas técnicas.
CA1.4 Determináronse as máquinas, os accesorios e as ferramentas en función do modelo e do material co que se vaia elaborar o prototipo.

4.1.e) Contidos

Contidos
Fases para a confección dos prototipos: do deseño ao debuxo dos patróns.
Identificación e análise de materiais que se vaian utilizar para a elaboración de prototipos.
Operacións e sistemas para a elaboración de prototipos.
Fichas técnicas de listaxes de fases das operacións para a elaboración dos prototipos.
Control de parámetros: documentación e fichas técnicas, análise do modelo e disposición de patróns.
Operacións e sistemas para a elaboración de prototipos.
Materiais, máquinas, accesorios e ferramentas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Elaboración do prototipo	70

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora prototipos verificando o axuste dos patróns no proceso de confección.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Verificáronse os estudos do corte.
CA2.2 Obtívose o prototipo coas técnicas e operacións especificadas: puntadas e costuras de ensamblaxe, complementos e fornituras.
CA2.3 Elaboráronse táboas de control das medidas dos prototipos.
CA2.4 Avaliáronse os prototipos en función das medidas previstas coa peza terminada.
CA2.5 Identificáronse os defectos de elaboración dos prototipos.
CA2.6 Listáronse as correccións dos prototipos para a súa rectificación nos patróns correspondentes.

4.2.e) Contidos

Contidos
Información técnica. OSistemas de seguridade para a ensamblaxe de pezas. Aplicación das técnicas de acabado. Táboas ou fichas de control. Especificacións técnicas e selección do procedemento. Características xerais do proceso de confección. Clasificación dos patróns dun artigo. Preparación da marcaxe: distribución de patróns. Estudos de corte. Aplicación das técnicas de corte. O corte de materiais. Sistemas de seguridade para o corte de materiais. Aplicación das técnicas de confección. Elaboración do prototipo.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Avaliación do prototipo	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Define criterios e procedementos para avaliar prototipos elaborando fichas técnicas de control calidade.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Realizáronse fichas de control para a valoración dos prototipos.
CA3.2 Seleccionáronse parámetros e criterios para a valoración dos prototipos.
CA3.3 Definíronse os equipamentos e os instrumentos de control.
CA3.4 Identifícanse as desviacións e os defectos no proceso de elaboración dos prototipos.
CA3.5 Determináronse medidas correctoras.

4.3.e) Contidos

Contidos
Fichas técnicas de control de calidade.
Identificación das desviacións e dos defectos no proceso de elaboración dos prototipos, e determinación de medidas correctoras.
Parámetros para a valoración dos prototipos e comprobación de que o axuste da peza ao modelo permita movementos habituais do corpo humano.
Características estéticas e funcionais que se poidan cuantificar: por atributos e por variables.
Medidas correctoras: táboas de medidas, patróns e materiais.
Equipamentos e instrumentos de control.
Comprobación do axuste do patrón do modelo: adecuación do material aos axustes do patrón e adecuación de tallaxe.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A proba	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Verifica o control de calidade dos prototipos realizando as probas correspondentes sobre manequín ou modelo.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Comprobase que o axuste da peza ao modelo permita os movementos habituais do corpo humano.
CA4.2 Comprobáronse as características estéticas e funcionais.
CA4.3 Identifícanse as anomalías observadas.
CA4.4 Relacionáronse os defectos dos prototipos coas súas posibles causas.
CA4.5 Identifícanse as medidas correctoras que se teñan que aplicar.
CA4.6 Formalizouse a ficha técnica de control cos datos obtidos e os aspectos de mellora.

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise estético-anatómico.
Análise funcional: adecuación ao uso e confortabilidade.
Defectos nos prototipos e as súas posibles causas.
Procedementos de axuste: verificación dos prototipos en función dos talles.
Identificación e rexistro de anomalías: propostas de mellora para o modelo.
Ficha técnica de control cos datos obtidos e os aspectos de mellora.
Presentación de resultados: interpretación fiel do artigo e validación do patrón para executar a fabricación.
Rexistro de documentos.
Defectos de elaboración de prototipos. Rectificación de patróns.
Criterios e procedementos para avaliar prototipos: fichas técnicas de control de calidade.
Prototipos para a confección de blusas, vestidos, pantalóns, chaquetas, abrigos, etc.
Probas de prototipos.
Táboas de control de calidade dos parámetros do modelo.
Axuste da peza ao modelo: probas sobre manequín ou sobre modelo. Control de medidas.
Adecuación dos axustes: uso, funcionalidade, criterio estético, estabilidade dimensional e aparencia exterior.



Contidos

Criterios: determinación de axustes e adaptacións, rectificacións e marcas, e rexistro cambios.

Validación do prototipo: patrón do modelo.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1) MÍNIMOS EXIXIBLES:

- CE1.1. Analizouse o deseño técnico da peza ou do artigo.
- CE1.3 Realizouse a listaxe de fases das operacións para a elaboración dos prototi-pos utilizando fichas técnicas.
- CE2.2. Obtívose o prototipo coas técnicas e operacións especificadas: puntadas e costuras de ensamblaxe, complementos e fornitureas.
- CA2.3 - Elaboráronse táboas de control das medidas dos prototipos.
- CE3.1. Realizáronse fichas de control para a valoración dos prototipos.
- CE3.2. Seleccionáronse parámetros e criterios para a valoración dos prototipos.
- CE4.3 Identificáronse as anomalías observadas
- CE4.4. Relacionáronse os defectos dos prototipos coas súas posibles causas.
- CE4.5. Identificáronse as medidas correctoras que se teñan que aplicar.

2) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación responderán ao desenvolvemento da avaliación por competencias.

Como será a puntuación?

Para superar o módulo será criterio indispensable superar todos os criterios de avaliación (CA) especificados como mínimos esixibles. De non superar todos os mínimos esixibles a avaliación non será positiva, e o alumnado deberá recuperar esos mínimos esixibles non superados para aprobar o módulo.

Para superar un CA, débese obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba correspondente. A puntuación é de 0 a 10 nas probas.

No caso de avaliarse un CA co traballo de clase e cunha proba (ca1.1 e ca2.2), a nota deste será repartida un 25% no traballo de clase que se recolle para avaliar e un 75 % na proba.

Os traballos entregados fora de tempo e forma terán unha calificación de cero. No caso de que o alumnado por motivo xustificable non poida entregar o traballo en tempo, deberá o día da entrega enviar ao profesor fotos que demostren que está feito en tempo e forma, para a súa calificación posterior.

Os traballos pódense realizar parte na aula e parte na casa. A súa entrega pode ser anterior á data de entrega pero non posterior a dita data.

A cualificación da unidade didáctica (UD) será a media ponderada dos CA que formen parte desa unidade.

Instrumentos de avaliación

Os instrumentos empregados nas actividades calificables dentro de cada UD serán os indicados no apartado 4.c. asociados a cada CA. E serán aplicados nos seguintes porcentaxes: Empregarase un 76,2% de listas de cotexo e un 23,8% de proba escrita

Como se consegue a nota de cada unha das avaliacións?

A nota de cada avaliación será obtida calculando a media ponderada das notas das unidades impartidas nese trimestre, sempre e cando os mínimos esixibles estean superados. De non ser o caso a nota non poderá ser superior a 4 ptos.

No último trimestre (segundo trimestre) a nota da avaliación será a media ponderada de todas as unidades, sempre e cando os mínimos esixibles estean superados. De non ser o caso a nota non poderá ser superior a 4 ptos.

A nota da avaliación final é a media ponderada de todas as unidades didácticas, sempre e cando os mínimos esixibles estean superados. De non ser o caso a nota non poderá ser superior a 4 ptos.

3) SUPOSTO NO QUE O ALUMNO NON REALICE AS PROBAS MOTIVADAS A UNHA CAUSA DE FORZA MAIOR:

Remitirémolos ao NOF do centro.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1) ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA OS QUE SUSPENDAN ALGÚN MÍNIMO ESIXIBLE DURANTE O CURSO:

Un alumno que non superou algún mínimo esixible nunha avaliación pode recuperalo nunha proba realizada antes da realización das FCTs, no último trimestre (segundo trimestre).

2) ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE SUSPENDA O MÓDULO

Os alumnos que non superen o módulo, terá a posibilidade de recuperalo, para elo, realizará actividades de reforzo de marzo a xuño, e unha proba de recuperación antes da avaliación final (xuño).

As actividades de reforzo estarán indicadas no informe individualizado que se lles facilitará.

Unha proba teórico e/ou práctico relacionado cos mínimos esixibles non superados.

O exame pode realizarse en varios días.

. A puntuación é de 0 ao 10 nas probas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

1) AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA OS ALUMNOS QUE PERDAN O DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA:

Antes da FCT, haberá unha recuperación para alumnos que teñan P.D. (perda de avaliación continua), dita recuperación constarán de:

Un exame teórico e/ou práctico relacionado cos mínimos esixibles.

O exame pode realizarse en varios días.
Para superar a proba todos os mínimos esixibles deben estar superados.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Por outra parte o seguemento da programación realizarase a través da aplicación informática.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó ser uns contidos que se repiten durante o curso, debe terse en conta o momento no que se realiza a elaboración, os contidos conceptuais e actitudinais de partida, as habilidades e destrezas que posúen, así coma a dificultade da elaboración.

Realización de test ou preguntas de resposta curta para constatar os coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na avaliación inicial, informarase e solicitarase apoio do departamento de Orientación do centro se houberse algún caso de alumnado que non responda globalmente ós obxectivos programados.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia.

Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo, traballaranse a través de diferentes actividades.

Tamén se tratará a educación medio ambiental así coma a reciclaxe e separación de residuos xerados no taller de confección na procura de fomentar a concienciación e coidado do medio ambiente, e a prevención de riscos laborais.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar. Sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenrolo da programación.

A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

Visitas a empresas do sector téxtil, feiras, exposicións, realización de máster class con profesionais do sector, cooperación con outros centros, organismos ou empresas.

As actividades que xurdan ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social

10.Outros apartados

10.1) instrumentos

Empregaranse rúbricas como instrumento de avaliación cando se realicen procedementos